

Actividade física en alumnos con necesidades educativas especiais. Unha apostia polo mestre especialista en educación especial na intervención educativa motriz

A actividade física adaptada non é un concepto novo. En todo caso as razóns de cómo, porqué e para qué debe adaptarse o exercicio físico foron cambiando ó longo do tempo.

Púidose comprobar como a énfase terapéutica da motricidade, tradicionalmente arraigada en diferentes culturas, se orientou actualmente cara ós novos modelos, pedagóxico e deportivo, ó tempo que se pasou dun sistema institucional de segregación a un modelo de integración e normalización. Por outra parte, termos clásicos como deficiente, minusválido ou subnormal, deixan paso a outros en maior consonancia co recoñecemento do dereito á diversidade das persoas en tódalas manifestacións, educativas, recreativas ou competitivas. Referímonos ó termo “Necesidades Educativas Especiais” (NEE) que evita a discriminación apoiándose nas

capacidades, máis que nos déficit dos individuos. Frente á integración do discapacitado na práctica deportiva de competición e a súa repercusión social nas últimas décadas, a actividade física no contexto educativo reaccionou lentamente; interesa máis pola súa trascendencia nas aprendizaxes escolares, que en si mesma, como medio de desenvolvemento persoal, social e ata cultural. A pesar das diferentes normativas, ainda presenta dificultades para a súa implantación no terreo práctico, tanto pola formación de especialistas, como pola inclusión dos mesmos nos equipos interdisciplinares e, moi especialmente, pola falta de conexión entre o especialista de Educación Física e o de Educación Especial, sendo o primeiro quen pola súa formación pode prestar importante apoio na intervención educativa desde a área de Educación Física.

AURORA MARTÍNEZ VIDAL.
U. DE VIGO

1. Aproximación histórica. Antecedentes e modelos

O tratamento dado ó exercicio físico en individuos con dificultades foi obxecto de distintos enfoques, encontrando antecedentes na utilización do movemento que responden a tres modelos diferentes: terapéutico, deportivo e, moito máis recente, o propiamente educativo. Estes dous últimos, educativo e deportivo, non tiveron o mesmo desenvolvemento. Mentre o deporte cobra gran interese social e institucional, expansionándose extraordinariamente, a EF do alumno con discapacidades presenta dificultades para a súa implantación a pesar de ser legalmente contemplada nas diferentes normativas.

Modelo médico-terapéutico

Ó longo da historia pódense recoñecer exemplos diversos de tratamentos físicos para mellora-la saúde: desde o milenario kung fu practicado polos chineses, baseado na respiración e a relaxación, ata o ioga de orixe hindú centrado na mobilidade articular e a concentración mental. Son tamén antecedentes terapéuticos na cultura grecorromana os tratados de Heródico, Hipócrates, Galeno e Aureliano.

Máis cerca da cultura moderna, no Renacemento, Menéndez, sevillano recentemente descuberto en investigacións históricas e Mercurialis, desenvolven tratados de corte terapéutico que inclúen o exercicio físico como recurso. Síguelle outros estudos como “a xim-

nasia médica e cirúrxica” de Tissot (1780) e, xa no século pasado, Ling desenvolveu no seu “método sueco” a ximnasia médica para discapacitados, divulgada amplamente en Europa e incluso en EEUU.

Modelo recreativo-deportivo

O deporte para persoas discapacitadas xorde a partir da primeira guerra mundial como medio de recreación e integración dos lesionados de guerra, alcanzando grande éxito en hospitais e residencias. Posteriormente a partir dos anos 40, adquire carácter competitivo, esténdese á poboación en xeral e ten un desenvolvemento paralelo ó deporte olímpico de élite, a través dos coñecidos Xogos Paralímpicos. Proba da aceptación social da práctica deportiva das persoas con deficiencias é o paso de 400 deportistas en Roma (1960) ós 4361 en Seúl (1988). Sen embargo segundo diversos estudos realizados, a pesar das cifras elevadas de participación, só contempla unha minoría das persoas afectadas.

Entre os intentos de planificación estratégica para o desenvolvemento da filosofía e das prácticas deportivas das persoas discapacitadas, destaca a *European Charter for Sport for All: Disabled Persons* (1987) e o canadense *Jasper Talks: Strategies for Change in Adapted Physical Activity* (1988). Ambos documentos coinciden na promoción dun estilo de vida para os discapacitados e consideran que a actividade física como medio de desenvolvemento persoal require a concienciación social e a dotación pública de medios a tódolos niveis.

A partir da creación da Federación Internacional de AFA (IFAPA), fundada en 1973 en Canadá e a Asociación Europea de Investigación sobre a AFA (EARAPA), fundada en Bélxica en 1987, xurdiron numerosas asociacións deportivas por todo o mundo. A maioría delas intégranse no Comité Paralímpico Internacional que engloba Federacións Deportivas para diminuídos físicos, psíquicos, paralíticos cerebrais, cegos e xordos e programan unha ampla gamma de deportes e xogos en tres niveis competitivos, que van do simple xogo á competición de alto nivel, pasando pola actividade adaptada con carácter participativo.

Modelo pedagóxico

O enfoque pedagóxico do exercicio físico para alumnos discapacitados é moi recente como o demuestra a situación da “exención” da EF daqueles alumnos que, ante pequenas dificultades avaladas por un médico, quedaban excluídos da materia. Situación excluente que estivo apoiada polas disposicións legais desde 1961 (Orde do 31 de xullo) ata 1995 (Orde do 10 de xullo); data na que, legalmente, se pasa a contemplar a adaptación do currículo de EF para estes alumnos.

Un dos primeiros antecedentes do modelo pedagóxico, recoñecido en distintas fontes, é o programa motor sensorial de Marc Itard de Francia (1875-1939). En España, segundo Hernández (1995) un dos primei-

ros programas de actividade física con enfoque educativo débeselle a Rodríguez y Domínguez (1979); programa que presenta a adquisición dunha serie de contidos de acordo cos niveis madurativos establecidos por Piaget. Outros programas foron desenvolvidos polo Instituto Nacional da Xuventude, o Instituto Nacional de Educación Especial e, máis recentemente, os Programas de Desenvolvemento Individual (PDI) do MEC (1989). O primeiro inclúe xogos e deportes, o segundo un repertorio de conductas motrices que os alumnos deben acadar e o último presenta liñas de acción concretas dependentes da valoración multidisciplinar previa.

2. Clarificación terminolóxica

En función do modelo de actividade seguido, a terminoloxía utilizada foi diferente. Mentre a actividade física con fins terapéuticos foi calificada de rehabilitación e correctiva, dentro do ámbito escolar fálase de Educación Física Adaptada (EFA) e fóra do ámbito escolar, abríuse a un campo moito más amplo, recollido no termo Actividade Física Adaptada (AFA) e identificado co modelo deportivo.

EFA e AFA concíbense como un campo interdisciplinar, biolóxico, psicolóxico e motriz, que serve como marco teórico sobre o que se apoian a investigación e a intervención a través da actividade física para individuos con dificultades para a súa práctica. A pesar da semellanza esencial, difiren no ámbito de aplicación e o obxectivo principal. Mentre a primeira responde a un enfoque educativo e se desenvolve no contexto curricular, a segunda ten carácter competitivo e extraescolar.

Actividade física adaptada (AFA)

O termo AFA foi adoptado en EEUU en 1952 en demanda de ampliar a actividade á poboación en xeral e non cinguiña só ó contexto educativo. En 1973 úsase, de modo oficial por primeira vez ó fundarse a Federación Internacional de AFA (IFAPA), co obxectivo de promover a investigación e a aplicación de programas de actividade física. O primeiro intento de definición fixose no Séptimo Simposio Internacional de AFA (1989), no que se afirma que se refire ó movemento, actividade física e deporte, cunha especial énfase nos intereses e as capacidades dos individuos con condicións limitadas: discapacitados, persoas con problemas de saúde e terceira idade. A Actividade Física Adaptada pode satisfacer demandas de rehabilitación, recreación e competición (Doll-Teppe, 1992) e inclúe a propia Educación Física. Sherril (1993) definea como unha área de coñecemento interdisciplinar dirixida á identificación e solución dos problemas psicomotores que poden radicar tanto no individuo como no ambiente.

Educación física adaptada (EFA)

Segundo a Asociación Americana para a Educación Física, o Deporte e a Recreación (AAHPER) a Educación

Física Adaptada é un programa diversificado de actividades de desenvolvemento, lúdicas, deportivas e ritmicas, adecuadas ós intereses, capacidades e limitacións dos alumnos con dificultades para aprende-las tarefas motrices. Alumnos que non poden participar sen restriccións, con seguridade e continuidade nas actividades do programa regular de Educación Física.

Refírese, polo tanto, á actividade física en idade escolar, dentro do marco educativo normalizado e no cal as tarefas motrices teñen interese en si mesmas, como medio de desenvolvemento e non só como base das aprendizaxes escolares en xeral.

Xunto ó termo EFA utilízase con certa frecuencia e de forma sinónima, o de Educación Física Especial. Termo identificado co carácter terapéutico do sistema tradicional de segregación e en contradicción co modelo educativo que deixou de ser “especial” para convertirse en educación “para todos”. Por estas razóns preferimos falar de Educación Física Adaptada antes que Especial. En todo caso, se aceptamos este termo sempre será en función de dar resposta a necesidades educativas especiais e non en función da singularidade da propia Educación Física.

3. A educación física para alumnos con necesidades educativas especiais (NEE). Problemática

A pesar do atractivo dos programas deportivos e os esforzos políticos e institucionais, só unha minoría de discapacitados se integra nos mésmos. Vemos a continuación, os obxectivos, os suxeitos, a resposta educativa e os inconvenientes para o desenvolvemento da Educación Física dende esta perspectiva.

Obxectivos da educación física adaptada

Preguntámonos cáll é o papel da Educación Física nun contexto educativo no que a Educación pretende deixar de ser “especial” para busca-la normalización a través da integración. Como primeira resposta diremos que é unha área do currículo que pretende normaliza-lo individuo a través da actividade motriz. Preséntase de forma unitaria e común para tódolos individuos, cunha única referencia curricular pero flexible e diversificada nos métodos, co fin de dar resposta a todos e cada un dos alumnos en función das súas capacidades.

Os seus obxectivos son idénticos ós da Educación Física “normal”, xa que as necesidades básicas son as mesmas en ámbolos dous casos. Non obstante, ademais de desenvolve-las capacidades do individuo a través da motricidade, a Educación Física Adaptada pretende normalizar ou mellora-lo comportamento e contribuír ó desenvolvemento equilibrado da personalidade. Obxectivos aceptados de modo xeral pero que foron concretados por distintos autores de forma diferente e complementaria:

Linares (1993) formula os obxectivos en termos de cubri-las necesidades de movemento, xogo, expresión e recreación tan necesarias nas persoas con deficiencias.

Para Toro e Zarco (1995), a EFA trata de mellora-los niveis de confianza, seguridade e autoestima, xeralmente minguada nas persoas discapacitadas.

Hernández (1995) cita entre os obxectivos da participación nas actividades físicas, a comprensión do propio impedimento, adaptación persoal ás súas limitacións e compensación das consecuencias do déficit.

De maneira resumida e sen diferencias coa Educación Física en xeral, os obxectivos da EFA deben de poñer énfase no desenvolvemento da autonomía persoal e as habilidades que faciliten a interacción social; sempre en defensa dun acceso igualitario á actividade física, as prácticas deportivas e un estilo de vida saudable. Todo isto baixo un principio de integración e inclusión.

¿Quen son os alumnos con NEE en educación física?

Dise dun alumno que presenta Necesidades Educativas Especiais (NEE) cando require axudas pedagógicas especiais para o logro dos fins da educación. Na medida na que tódolos alumnos necesitan axudas pedagógicas, más ou menos específicas, a Educación Especial deixa de concibirse como a educación dun alumno con características diferentes e pasa a entenderse como un conxunto de recursos persoais e materiais do Sistema Educativo. A partir deste concepto cabe preguntarse ¿quen son os alumnos que presentan necesidades educativas especiales en Educación Física?

Desde este punto de vista, pódese falar de dous tipos de alumnos:

a) Aqueles alumnos que presentan Necesidades Educativas Especiais no ámbito motor orixinadas por discapacidades de diferente índole, sensorial, física ou intelectual. Dificultades fáceis de detectar a simple vista e sen problemas de diagnóstico.

b) Outro tipo de alumnos, sen causa aparente, aprenden as tarefas motrices con gran dificultade e presentan coordinación defectuosa dos movementos, dificultades de orientación, de control corporal e de organización e estructuración espacio-temporal.

Estes nenos son denominados de forma diversa, en función do enfoque ou ámbito de onde proveña a denominación. Dende a corrente neurolóxica fálase de disfunción cerebral mínima. En psicoloxía coñécese por síndrome hipercinética. Nas ciencias da actividad física fálase de torpeza motriz ou falta de coordinación motora. Situación xa formulada por Dupré como debilidade motriz a principios de século e posteriormente por Ajuriaguerra como inestabilidade motriz.

Este segundo grupo de nenos e nenas cunha capacidade moi inferior á propia da súa idade para resolver problemas motores, fracasan nas actividades físicas, non senten ningún interese cara ás mesmas e, a miúdo, non son diagnosticados como alumnos con NEE, aínda que a súa porcentaxe oscile entre o 10% (Carta Europea do Deporte para todos: Persoas minusválidas) e o 15%, segundo Cratty (1980) e Sherrill (1985), recollido por Hernández (1995).



Resposta educativa ante os alumnos con NEE en educación física: adaptación curricular individual (ACI)

En calquera programa ordinario de EF, as capacidades motrices dos alumnos ós que vai dirixido, son tan diferentes que nos fan pensar que, dalgún modo, tódolos alumnos presentan NEE e esixen que o profesor conte con estratexias adecuadas que lle permitan dar resposta educativa a esa diversidade tan manifesta na área da motricidade. Con maior razón, cando a presencia destes alumnos na aula está oficialmente recoñecida, será necesario proporcionar un amplio abano de posibilidades, establecendo metas realistas que permitan o desenvolvemento persoal e social de cada un dos alumnos, incluso daqueles que se consideran a priori con NEE.

Os mecanismos didácticos que permiten responder a cada un segundo as súas necesidades e no momento xusto, son estratexias que se coñecen polo nome de Adaptacións Curriculares Individuais, pasan pola identificación, definición do problema e toma de decisións sobre a intervención correspondente e poden presentarse en dous niveis, adaptacións de acceso ou do propio currículo, segundo o Centro Nacional de Recursos de Educación Especial (1992). No primeiro caso permiten a circulación e comunicación dos alumnos con dificultades, como rampas, cadeiras de rodas, sinais luminosos ou acústicos. No segundo refírese a adaptacións de elementos básicos do currículo, obxectivos, contidos, metodoloxía e avaliación.

A verdadeira integración debe de iniciarse no contexto educativo a través da Educación Física, área que debe dar resposta a tódolos alumnos, sen exclusión e resolve-los problemas de participación a pesar das discapacidades.

No ámbito específico da EF, Corpas, Toro e Zarco (1991) e Toro e Zarco (1995) presentan adaptacións nos seguintes aspectos:

- Apoios adecuados ás necesidades, verbal, visual ou manual, segundo o caso.
- Simplificación da percepción aumentando os estímulos en intensidade, duración, cor.
- Simplificación do xesto diminuindo a velocidade, aumentando o número de secuencias, modificando posiciones, acurtando distancias e traxectorias.
- Simplificación das actividades con adaptación de regras, espacios, materiais ou incorporando axudas persoais, se fose necesario.
- Potenciación da cooperación a través de núcleos de microensinanza ou pequenos grupos.
- Normalización dos sistemas de comunicación na aula como punto de partida.

Obstáculos para a súa implicación

A pesar do recoñecemento legal ós dereitos de acceder á educación de tódolos cidadáns e á normativa desenvolvida para que a integración sexa unha realidade, existen en xeral, e especialmente na área da Educación Física, certos inconvenientes que Hernández (1995) sitúa en tres ámbitos, físico, pedagóxico e social.

No aspecto físico, aínda son moitas as barreiras arquitectónicas que para a súa supresión demandan rampas, varandas e todos aqueles dispositivos que faciliten a participación e incrementen a seguridade.

No ámbito pedagóxico, a asistencia de tódolos alumnos á área de EF está garantida por norma, pero esta asistencia, por si soa, non asegura a participación activa nin permite falar de integración. Esta presencia física require adaptacións ás capacidades individuais e apoios persoais no desenvolvemento e seguimento de tales adaptacións. Apoios que non están previstos institucionalmente xa que o especialista en EF se atopa só para fazer fronte á diversidade dos alumnos na aula. Os propios profesores recoñecen que, en moitos casos é problemático aceptar alumnos diminuídos en escolas ordinarias e ofrecerlle un programa de igual calidade á que se pode dar en escolas especiais.

A nivel social, De Potter, J. C. (1992) considera que as dificultades de integración son diversas e van desde a familia, que con frecuencia xustifica a non integración



argumentando falta de tempo ou de programas adecuados ata o contorno social, que a pesar da declaración formal de principios, non ofrece igualdade de oportunidades ó minusválido para a práctica deportiva, negando ó mesmo tempo, a oportunidade de ser educado nun ambiente de solidariedade ás persoas que non presentan discapacidades e que podían beneficiarse da práctica conxunta.

4. Necesidade de cooperación dos profesionais que inciden na educación do alumno con NEE

Un dos temas críticos no ámbito da Educación Física Adaptada é a preparación de especialistas docentes e investigadores. Algunhas formulacións avogan pola formación de tódolos mestres sobre as cuestións específicas da Educación Especial (Carta Europea do Deporte para todos, Conferencia Mundial sobre a NEE) fronte á necesidade de mestres especialistas defendida por outros sectores.

Na nosa opinión, os especialistas son necesarios e o coñecemento do tema por tódolos mestres tamén. Esta necesidade está xustificada por razóns de cooperación, apoio e intercambio entre os profesionais que inciden no alumno con NEE, concretamente os especialistas de Educación Física (EF) e Educación Especial (EE), dúas das novas especialidades de Maxisterio, emanadas da LOXSE.

Os mestres especialistas de EF profundan nas cuestións xerais da motricidade ó tempo que reciben infor-

mación sobre discapacidades a través dalgúnha asignatura baixo o epígrafe de “especial”. Por otra parte, o currículo do especialista en EE permite ó mestre desenvolver un perfil profesional cun coñecemento profundo dos diferentes trastornos, os procedementos de diagnóstico e de intervención educativa en xeral e, en menor medida, a intervención específica na área da motricidade.

Así pois, parece oportuno que ambos especialistas formen un equipo de traballo cun obxectivo común: dar resposta ás necesidades de movemento de tódolos alumnos da aula, por moi diversas que estas sexan. Deste modo contribúese a que a integración deixe de ser unha simple presencia física para pasar a ser unha participación activa e positiva dos alumnos que teñen dificultades para incorporarse ás tarefas motrices.

Por otra parte, a participación do especialista en EE contribúe a afronta-las actividades cun enfoque global e interdisciplinar, gracias á súa formación nas diversas didácticas específicas de áreas relacionadas coa motricidade, especialmente a Expresión Plástica e a Expresión Musical. Globalidade sempre de interese en Educación Infantil e Educación Primaria e de extraordinaria utilidade na maioría dos casos de NEE.

Papel do especialista de EE como apoio á intervención motriz

De acordo coa formación recibida, o especialista en EE pode desenvolve-lo seu labor profesional en distintos

ámbitos que van desde a colaboración na aplicación de programas de detección e estimulación precoz ata a función de mestre de apoio en aulas ordinarias de integración ou en aulas de educación especial, incluso en centros especiais. Como mestre de apoio do especialista de EE pode desenvolver unha serie de funcións relacionadas co diagnóstico, a adaptación, desenvolvemento, e a avaliación das intervencións educativas motrices, tales como as que seguen:

- Apoio contextual e seguimento pormenorizado nos casos que o precisen.
- Servir de ponte entre o proceso pedagóxico multidisciplinar e a toma de decisións nas intervencións motrices na aula.
- Colaborar na avaliação e diagnóstico do desenvolvimento psicomotor de tódolos alumnos e especialmente dos que presentan discapacidades.
- Colaborar nas diferentes adaptacións curriculares e especialmente no seu desenvolvemento e seguimento próximo de certos casos.
- Promove-los alumnos cara a ámbitos menos restrinxidos eliminando recursos especiais a medida que sexa posible.
- Concretar e xustifica-la resposta educativa de forma que resulte comprensible para tódolos profesionais que interveñan na mesma.
- Contribuír a un tratamento global e interdisciplinar da motricidade.

Conclusións

En liñas xerais, acéptase que a actividade física en tódalas súas manifestacións, educación, recreación, deporte competitivo, ofrece un potencial para reconstruír la realidade social desde a diversidade e igualdade de dereitos a una vida activa e saudable. Pero mentres no ámbito da recreación e do deporte de competición para unhas minorías, os avances son importantes, no ámbito educativo, no que se debe instala-la primeira pedra para construir unha mellor calidade de vida de tódalas persoas e polo tanto dos discapacitados, as dificultades frean o progreso.

É un avance que o sistema educativo integre fisicamente na aula de EF a totalidade dos alumnos, pero aínda non garante o apoio de tódolos medios humanos con que conta xa que o especialista en EE non ten unha vía de acceso institucional para colaborar, estreitamente unido, co responsable da área, aínda que existan individualidades que, a modo persoal, o fagan. Por outra parte, a insuficiente dotación de medios e a presencia aínda de barreiras arquitectónicas en numerosos centros dificultan esta integración.

En resumo, de cara á participación real e positiva do alumno con NEE nas actividades físicas educativas, pódense obter conclusións prácticas en tres liñas:

- Considera-la motricidade como valiosa en si mesma e non só como instrumento para mellora-las aprendizaxes escolares tradicionais, como a lectura e

escritura, senón como medio para busca-la autoafirmación e socialización da persoa con NEE.

– Facilita-la cooperación na aula entre os diferentes recursos humanos do sistema. Cooperación que podería ser significativa, aportando o mestre de EE, o coñecemento profundo dos diferentes trastornos e as NEE que presentan e o mestre en EF o coñecemento profundo dos aspectos xerais da motricidade.

– Por outra parte, posto que a capacidade de movemento adoita verse afectada na maioría dos alumnos con dificultades, a incorporación nos equipos interdisciplinares dun profesional da actividade física debería ser tida en conta.

Bibliografía

- AAVV (1994) *Informe final, conferencia Mundial sobre NEE: Acceso y calidad*, M de EC, Madrid.
- CORPAS, TORO Y ZARCO (1991) *Educación Física. Manual para el profesor*, Aljibe, Málaga.
- DE PAUW, KAREN & SHERILL C. (1994) Adapted Physical Activity: Present and Future, *Physical Education Review*, V. 17, nº 1 P.6-13
- DE POTTER, J.C. (1992) *La actividad física adaptada en el movimiento de integración*, IAD. Actas del Congreso Científico Olímpico. Málaga.
- DOLL-TEPPER, G. (1992) *Deporte para atletas disminuidos*. Actas del Congreso Científico Olímpico. IAD, Málaga
- HERNÁNDEZ, F.J. (1995) *Torpeza motriz*, EUB. Barcelona, 1995
- LINARES, P.L. (1993) *Fundamentos psicoevolutivos de la Educación Física Especial*, U. de Granada.
- MEC (1989) *Documento Base del diseño curricular para la elaboración de Programas de Desarrollo Individual*, Madrid.
- TORO BUENO Y ZARCO RESA (1995) *Educación Física para niños y niñas con Necesidades Educativas Especiales*, Aljibe, Málaga.